

Ola Familias:

Mándovos unha serie de recomendacións que podedes levar a cabo estes días:

Aproveitemos para que sigan gañando **autonomía**, realizando tarefas como:

- Ir sós e soas ao baño, lavarse as mans...
- Espirse e vestirse sós, é un bo momento para mellorar a técnica, xa que andamos sen présa.
- Colaborar en pequenas tarefas domésticas: facer a cama, poñer a mesa, colocar os xoguets..

LINGUAXE ORAL:

- Debuxar e colorear libremente.
- Traballar a atención a través de xogos como "vexo, vexo".
Buscar números, obxectos, palabras en contos, revistas
- Facer buscas de tesouros, podendo facer mapas.
- Cantar, bailar.

APROXIMACIÓN Á LINGUAXE ESCRITA:

- Lerlles contos, despois poden debuxar a personaxe principal e escribir o título, aínda que falten letras non pasa nada.
- Podedes escribirlles os títulos dos contos que ledes, cada palabra nunha tarxeta, e que logo intenten volver a compoñer o título. Os máis pequenos poden buscar en esas palabras as letras do seu nome.
- Utilizar listados de palabras para ler e escribir: lista da compra, lista dos membros da familia, listas de animais domésticos, salvaxes, cores, cousas que lle apetecen facer no verán.
- Buscar letras en revistas, carteis, etiquetas.

- Lerlles todas as palabras que nos rodean e que lles interesan: envases, etiquetas, nas camisetas..
- Poden elaborar un diario onde recollades que están facendo estos días. O proceso a seguir para a elaboración do texto sería que ou ben as nenas/os ditan e vos escribides, ou escriben eles (aínda que falten letras) e despois transcribides debaixo. Sempre **sen forzalos**.

LÓXICA/MATEMÁTICA:

- Rexistra nun calendario a data e levar conta dos días que levamos sen cole.
- Observar o tempo atmosférico e rexistralo no calendario.
- Xogos de mesa: oca, parchís, dominó, xogar as cartas (brisca, cinquillo..)son idóneos para traballar o conteo e o cálculo.
- Buscaremos pola casa obxectos que teñan diferentes formas xeométricas: cadrado, triángulo, rectángulo, círculo. Podemos representalos a través do debuxo.
- Construír figuras xeométricas con palillos, pallas.
- Ordenar xoguetes por tamaño, formas, cores.
- Se tedes unha báscula poden pesar diferentes obxectos, comparar cal pesa máis e cal menos, poden rexistrar os datos ou debuxalos.
- Contar as escaleiras da casa, cantas faltan por subir.
- Táboa do 100, tapar un número e que adiviñen cal falta, tapar dous e preguntarlles cal e maior, dicirlles un número e que o busquen. (5 anos)

Por suposto que son suxerencias, estas propostas non son obrigatorias.